

O Director Xeral de Patrimonio Cultural, vistos os informes dos Servizos Técnicos en relación co asunto:

Documento: *Plan Xeral de Ordenación Municipal, Fase 6ª, Aprobación Provisional. Concello de Vigo (Pontevedra)*

Ámbito: *Concello de Vigo*

Promotor: *Concello de Vigo*

Autor: *Consultora Galega s.l.*

Con data de 28 de abril de 2006, ten entrada no Rexistro Xeral da Consellería de Cultura e Deporte (nº de rexistro 5.257) a documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, Fase 6ª, Aprobación Provisional, do concello de Vigo, para o preceptivo informe sectorial.

En data 8 de abril de 2005 esta Dirección Xeral emitira *informe desfavorable* sobre a documentación presentada relativa ó Plan Xeral de Ordenación Urbana "*tendo en conta o tratamento incompleto e pouco definido que o Patrimonio Cultural recibe no documento o que non garante unha protección efectiva*".

O director xeral de Patrimonio Cultural despois de ter vistos os informes dos servizos técnicos e en virtude das competencias que lle outorga a lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia, a lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español, así como o resto da lexislación vixente sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, en relación coa protección e conservación do Patrimonio Cultural, estima e emite o seguinte

INFORME

Examinada a documentación da que consta o *Plan Xeral de Ordenación Municipal, Fase 6ª, Aprobación Provisional, do Concello de Vigo*, e tendo en conta que non se fixeron todas as modificacións propostas no informe desta Dirección Xeral de 8 de abril de 2005, considérase que o documento propón, nalgunhas das súas determinacións, un tratamento inadecuado e incompleto do patrimonio cultural, e amosa a algunhas deficiencias que cómpre corrixir cara á consecución dun tratamento oportuno e compatible coa protección deste patrimonio, que debe orientarse á protección e conservación do mesmo coma parte dos valores tradicionais, os sinais de identidade e da memoria histórica de Galicia, segundo ó establecido na lexislación urbanística e patrimonial en vigor.

Por todo estimase que, dende o punto de vista da conservación e protección do Patrimonio Cultural, o Plan Xeral de Ordenación Municipal, Fase 6ª, Aprobación Provisional, do Concello de Vigo, para acadar o informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o documento para a Aprobación Definitiva deberá recoller todas as consideracións relacionadas no Anexo adxunto ao presente informe, onde se establecen as liñas xerais das omisións e deficiencias atopadas, có obxecto de que se modifique o documento antes da súa aprobación definitiva.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2007

O director xeral de Patrimonio Cultural

Asdo.: Felipe Arias Vilas

ANEXO AO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL SOBRE O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, FASE 6ª, APROBACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)

DENDE O PUNTO DE VISTA ARQUITECTÓNICO:

Consideracións e fundamentos técnicos:

No referente á **NORMATIVA XERAL:**

PRIMEIRO

No capítulo 8.3 PROTECCIÓN DO PATRIMONIO EDIFICADO, no artigo 8.3.2 establécese '*...elementos ou conxuntos que estean suxeitos a protección integral, para os que o uso permitido será o actualmente existente*', maila limitación debe restrinxirse ao establecemento de usos non compatibles coa protección do inmovible, e permitir outros sempre que contribúan á conservación do elemento catalogado.

SEGUNDO

No referente ás normas xerais de uso, deberanse facer as seguintes matizacións:

- No Capítulo 5.7 Uso Garaxe e aparcamento, nos artigos 5.7.5 e seguintes, onde se refiren os estándares de dotación de prazas de aparcamento, debería matizarse, que o seu cumprimento poderá eximirse naqueles edificios nos que polas súas características de protección non se podan levar a cabo as devanditas reservas.

TERCEIRO

No Capítulo 6.10 Condicións Estéticas, no seu Art. 6.10.2 Aplicación, establécese, para calquera intervención en edificios sometidos a algún tipo de protección, o preceptivo informe favorable dos técnicos municipais responsables, mais tamén o necesitarán do órgano competente da Consellería de Cultura, conforme ao establecido nos artigos 37, 52 e 54 da Lei 8/95 do 30 de outubro, do Patrimonio de Galicia.

No referente á **ORDENACIÓN:**

PRIMEIRO

No contorno inmediato do Pazo da Pastora establécese unha nova ordenación que afecta ao contorno do ben, así mesmo delimitáanse ámbitos de solo urbano non consolidado dos que se incorpora a ordenación detallada, rodeándoo de zonas verdes e deixándoo illado da trama urbana que o envolve actualmente.

A ordenación deberá ter en conta a actuación nas zoas verdes que se configuran ao redor do Pazo, debendo cautelarse por esta Consellería o Proxecto de Urbanización destas áreas, de maneira que se produza unha continuidade entre o contorno actual de masa boscosa dos xardíns do Pazo, e as zoas verdes que se propoñen na nova ordenación, tendo en conta a natureza das novas vías que se planean ao redor do Pazo, debendo estas manter a súa escala con relación ao Pazo.

Tamén se deberá ter en conta a minimización do impacto que puideran ocasionar as novas estradas de entrada a cidade, de maneira que afecten o menos posible o contorno do Pazo, téndose en conta para todo isto, que non debe entenderse o Pazo coma un feito autónomo, se non coa conservación do seu contorno e dos seus valores ambientais.

Así mesmo, na medida do posible sería recomendable reducir a dimensión do corpo da edificación da P1M1 máis próximo ao pazo, así coma reducir a ocupación baixo rasante no fronte de dito corpo de edificación facéndoa coincidir coa aliñación para permitir a plantación de arborado entre este e o pazo.

SEGUNDO

No contorno do parque de Castrelos (declarado BIC), non se detalla a ordenación. Aínda así, os parámetros establecidos nas fichas supoñen unha drástica modificación do contorno tanto do parque coma da igrexa románica de Castrelos, polo que se debería propor unha nova ordenación máis harmónica co conxunto e os bens culturais, entendéndose particularmente preocupantes as condicións urbanísticas establecidas para:

- APR A-4-53, situada na beira norte do parque, dentro do seu ámbito de protección, entre o río Lagares e a avenida Arquitecto Palacios, que se atopa a mesma cota que o parque e rodeada de zonas verdes, tanto as do propio parque como as que se propoñen na APR A-4-54, procedendo a transformar unha zona de vivenda unifamiliar de baixo mais unha planta nun área con catro alturas que aparecen na ficha, o que se considera que incide de forma desfavorable e non compatible coa protección do patrimonio cultural. Entendendo que coa súa incorporación como espazo libre e zoa verde e anexionándose ao Parque de Castrelos produciría unha posta en valor da zoa e do elemento a protexer, podéndose asignar a edificabilidade posible de esa zoa a outro ámbito de ordenación.
- APR A-4-59, situada na beira Este entre o núcleo tradicional de Castrelos, onde se atopa a igrexa románica, e o camiño Corredoura, en relación directa co xardín do Pazo Quiñones de León. Neste ámbito a edificación non debería ter presenza dende o xardín, podendo fusionarse coa APR A-4-62 e trasladando a maior parte da súa carga edificatoria a esta última e mantendo así a relación visual da igrexa de Castrelos e o xardín. E nesta mesma liña cabería incluír no ámbito da APR A-4-59 as parcelas do camiño Corredoira que agora figuran como solo urbano consolidado con ordenanza de edificación unifamiliar.

Ademais, calquera intervención nestas áreas requirirá autorización expresa da Consellería de Cultura, ao encontrarse dentro do contorno do BIC, e non acadar o presente documento a definición suficiente ou a súa ordenación detallada que permita valorar a súa incidencia concreta.

TERCEIRO

No que se refire ás áreas que conteñen ordenación pormenorizada, debemos facer as seguintes matizacións:

- APR A-4-29, no que afecta ao elemento catalogado A-160, Conxunto Parroquial de Santa Cristina de Lavadores, cun nivel de protección integral, e ao ámbito de protección establecido no propio Plan. Na traza da rúa denominada A, na ordenación detallada, cara a fachada sur da igrexa, a devandita rúa invade o actual adro da igrexa, debéndose facer un muro para o soporte do propio adro, debido a diferenza de cota que se establece entre a rúa e o adro. Esta actuación desvirtúa o elemento, ao atoparse actualmente sobre unha meseta natural do propio terreo, recomendándose as seguintes posibilidades: modificar o trazado da rúa, desprazándoa cara o sur para que non incida sobre o adro, ou ben procedendo á supresión da rúa se fose posible.

No referente ao CATÁLOGO:

PRIMEIRO

No Catálogo de Edificios, Bens e Elementos Protexidos, no punto 3.3 CONTORNO DOS BENS DE INTERESE CULTURAL (BIC), no que se define o contorno dos BICs, mestúranse as delimitacións de BICs e as de elementos catalogados, debéndose corrixir e establecer as diferentes delimitacións en función dos diferentes graos de protección, así como as súas condicións particulares.

SEGUNDO

Asemade, estes límites deberán aparecer reflectidos nas fichas do catálogo, así coma tamén deberán aparecer reflectidos os límites nos planos de ordenación, todos os elementos catalogados

deberían ter unha delimitación, aínda que se poderían exceptuar en determinados casos nas áreas urbanas, se a súa protección queda condicionada soamente a súa parcela, e mailas condicións da súa ordenanza así o permite.

TERCEIRO

Neste mesmo punto establécense tamén as autorizacións necesarias en materia de protección do patrimonio e os órganos competentes aos que se lles deberá solicitar, o que o igual que ocorre nos diferentes contornos de protección, a súa redacción non queda de todo clara.

- No caso dos BICs conforme establece o artigo 37 da lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia establécese: *"calquera intervención que se pretenda realizar nun Ben de Interese Cultural deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura..."*
- No caso do resto dos bens incluídos no catálogo, ao tratarse de bens incluídos no Inventario Xeral do Patrimonio de Galicia conforme á disposición adicional segunda da lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia, conforme ao establecido no artigo 54 da devandita lei no que se di que: *"os bens inventariados... estarán baixo a responsabilidade dos concellos e da Consellería de Cultura, que deberá autorizar calquera intervención que os afecte".*

CUARTO

No artigo 36 da lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia establécese *'Un inmoble declarado ben de interese cultural é inseparable do seu contorno. Non se poderá proceder ao seu desprazamento agás que resulte imprescindible por causa de forza maior ou interese social, logo de informe favorable da Consellería de Cultura; neste caso, será preciso adoptar as cautelas necesarias naquilo que poida afectar ao solo ou ao subsolo. Para a consideración de causa de forza maior ou de interese social, será preceptivo o Informe favorable de polo menos dúas das institucións consultivas previstas nesta lei.'* A estes efectos no Catálogo de Edificios, Bens e Elementos Protexidos, no punto 3.4.1 PROTECCIÓN INTEGRAL, debería establecerse por defecto a súa non-trasladabilidade, así coma cando se refire a hórreos ou canastros de máis de cen anos, declarados BICs polo Decreto 449/1973, como establece o propio catálogo no seu punto 3.2 c), coma cando se refire aos cruceiros, cruces e petos de ánimas de máis de cen anos, declarados BICs polo Decreto 571/1963, como establece o propio catálogo no seu punto 3.2 b), polo tanto todos estes elementos en tanto que declarados BICs non son trasladables salvo nos casos establecidos no artigo 36 da lei 8/95.

Así mesmo, no resto de elementos catalogados e elementos etnográficos, o criterio xeral cara a súa protección será a súa conservación no estado e localización actuais e non-trasladabilidade, salvo previa xustificación e informe favorable da Consellería de Cultura.

QUINTO

No Catálogo de Edificios, Bens e Elementos Protexidos, no punto 6.3 GRAO 3º PROTECCIÓN AMBIENTAL ESPECIFICA, no grao A1, permítense obras de ampliación cunhas determinadas condicións, no grao A2 as ampliacións poden dar lugar a aumento de ocupación en planta visible desde espazos públicos, no grao A3 permítense obras de ampliación con aumento de altura pero sen aumento de ocupación visible desde espazos públicos, no grao A4 poderanse admitir ampliacións en altura e ocupación e no grao A5 admitírase tamén o derribo se se garante a obriga do seu traslado e reconstrucción. Con respecto a todas estas ampliacións, recordar que calquera intervención sobre destes elementos pertencentes ao catálogo requirirán informe favorable da Consellería de Cultura.

SEXTO

No que se refire ao Catálogo de Edificios, Bens e Elementos Protexidos, atópanse as seguintes discrepancias con respecto a cada unha das seguintes fichas:

- Ficha A-005: establécese un nivel de protección ambiental 2, que permite o aumento de ocupación en planta visible dende a vía pública, o que vai permitir o peche dos balcóns,

elementos característicos da fachada do edificio, polo que se consideraría máis apropiado un grado de protección ambiental 1, ampliacións non visibles dende espazos públicos.

- Ficha A-033: establécese un nivel de protección ambiental 4, que permite calquera aumento de altura, mais neste edificio, deberíase establecer de antemán como se realizaría a antedita ampliación, e cales serían as limitacións a establecer, de maneira que o edificio non perda a súa condición de pavillón. Non obstante este edificio atópase nun área remitida a un planeamento de protección posterior no que se deberán establecer as condicións anteriormente descritas.
- Ficha A-051: establécese un nivel de protección ambiental 1, mais trátase dunha vivenda tradicional, e como se establece na propia normativa do catálogo estas haberán de contar cunha protección estrutural.

SÉTIMO

En tódolos edificios, e elementos do Catálogo de Edificios, Bens e Elementos Protexidos sometidos a un nivel de protección ambiental de grao 5, nos proxectos de desenvolvemento sobre estes elementos deberase xustificar de forma motivada a súa trasladabilidade, especificando a onde se vai facer o traslado, a forma do mesmo e os elementos de maior importancia a conservar. De tratarse de elementos incluídos nunha área de planeamento remitido, ordenada xa polo propio PXOM ou non, deberase, en todo caso, tentar de integrar o ben catalogado dentro da nova ordenación, xustificándose de forma motivada a imposibilidade de dita integración. Tendo en conta que todas estas consideracións se deberán reflectir nos proxectos correspondentes que deberán ser autorizados pola consellería de cultura.

OITAVO

No que se refire ao Catálogo de Edificios, Bens e elementos Protexidos, deberían incluírse polo menos os índices dos elementos que forman parte dos catálogos dos planeamentos vixentes que se incorporan ao PXOM, incluíndo a información relativa ao número de plano onde se atopan, o seu nivel de protección, o tipo de elemento, a súa denominación, a parroquia e mailo lugar onde se atopan, aos efectos dunha máis fácil localización de tódolos bens do catálogo.

NOVENO

No que se refire á incorporación ao catálogo dos bens de etnografía do Catálogo de Bens de Carácter etnográfico, consultado esta na internet, segundo as instrucións feitas pola propia Xerencia de Urbanismo, as súas fichas carecen da información completa, recomendándose a súa actualización cunha ficha semellante as do resto do catálogo do PXOM.

No referente aos ERROS ATOPADOS:

PRIMEIRO

No Catálogo de Edificios, Bens e Elementos Protexidos, no punto 3.2 BENS DE INTERESE CULTURAL (BIC), débense relacionar correctamente os citados BICs declarados, eliminando os que unicamente foron obxecto dun expediente de incoación xa caducado, como é o caso dos apartados d) Igrexa parroquial de Santiago de Bembrive, k) Antiga estación do Ferrocarril e 1) Antigo Pazo de Xustiza e Cárcere.

SEGUNDO

Atópase unha discrepancia na ficha A-175 do Catálogo, onde non coincide o ámbito dos planos de ordenación co plano da ficha.

DENDE O PUNTO DE VISTA ARQUEOLÓXICO:

Tendo en conta que os elementos do patrimonio arqueolóxico deben ser obxecto de especial protección no planeamento urbanístico, dado o seu carácter de ben escaso non renovable e a súa consideración de ben de interese público, sendo necesario adecuar a súa inclusión na normativa, catálogo e planos de ordenación, mediante traballos específicos sobre estes bens a incluír no

PXOM, é necesario salientar ós datos xerais do documento en relación ó patrimonio arqueolóxico que será necesario modificar ou clarear

I.- Normativa urbanística.- A normativa de protección do patrimonio arqueolóxico deberá establecer ordenanzas específicas para a protección destes elementos do patrimonio cultural e do seu contorno, segundo a súa categoría de protección, natureza e grao de conservación, establecendo as actuacións e usos permitidos e prohibidos nesas áreas de protección, as actuacións preventivas e, no seu caso, as solucións técnicas, financeiras e de xestión para garantir a súa conservación.

No documento de referencia a normativa de protección do patrimonio arqueolóxico aparece reflectida no Título VIII Capítulo 8,5, Protección do Patrimonio Arqueolóxico, e no Título XII Capítulo 12.8. Réxime especial dos espazos arqueolóxicos, en ambos capítulos remite á regulación contemplada no Título II do Catálogo, Esta regulación é de aplicación ós xacementos e ó seu contorno, e establece tanto as normas xerais coma as de aplicación individual previstas para cada clase de solo e grao de protección.

Hai que sinalar que a súa redacción é confusa e contradictoria en relación coa protección do patrimonio arqueolóxico, máis se a poñemos en relación con outros artigos e ordenanzas que figuran nesta normativa urbanística, polo que ó marxe da necesidade da súa revisión xeral cara a face-la clara, comprensible, e que garanta a protección efectiva do patrimonio arqueolóxico, vamos a tratar os aspectos que nos parecen máis dúbidosos e que sería necesario corrixir no documento.

a. En relación á clasificación do solo. Con carácter xeral, ós xacementos arqueolóxicos, bens sometidos a un réxime especial de protección incompatible coa súa transformación, deberán clasificarse coma Solos Rústicos de Especial Protección de interese arqueolóxico, de acordo có sinalado no artigo 32 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, do 29 de decembro. Asemade, e tendo en conta ás características propias do patrimonio arqueolóxico coma ben escaso, fráxil e non renovable, nas áreas definidas coma de Protección Integral non deberá superpoñerse ó solo rústico de protección arqueolóxica outras categorías de solos que resultan incompatibles coa propia protección do elemento arqueolóxico, coma a de Solo Rústico de Protección Forestal, optándose en incluílo na categoría que polas súas características lle outorga maior protección (art.32.3 da lei 9/2002).

En relación cós xacementos que se atopan en ámbitos pendentes de desenvolvemento, ó marxe do disposto no art. 32.4 da lei 9/2002, de manterse a consideración dos xacementos coma Zonas Verdes e Sistemas de Espazos Libres, deberá aplicarse á Área de Protección Integral e o seu contorno inmediato, un tratamento axeitado de cara a protexer, conservar e acrecentar os valores propios do patrimonio arqueolóxico, porén a súa ordenación detallada quedará pendente da execución dun estudo arqueolóxico previo para a súa definición e, as posibles construcións e instalacións que se puideran autorizar, deberán ter en conta as normas de adaptación ó ambiente có obxecto de harmonizar có elemento protexido e non perturbar a súa contemplación. Nos solos urbanos non consolidado deberán terse en conta as mesmas consideracións sinaladas neste parágrafo.

No artigo 1 do Título II sinala que nos ámbitos de solo urbano, urbanizables e de núcleo rural, as medidas de protección do patrimonio arqueolóxico haberán de superpoñerse ás que se fixen para as respectivas zonas de ordenanza. No desenrolo das *ordenanzas específicas de protección de patrimonio arqueolóxico, Sección 2ª do Título II*, e sobre todo en relación ós usos nos ámbitos de protección integral, esta redacción é confusa, contradictoria e incompatible coa protección do patrimonio arqueolóxico. Non é viable a posibilidade de usos constructivos e das condicións de edificabilidade xenericamente sinaladas nos artigo 9.2 e 10.1, en ámbitos definidos coma de Protección Integral destinados, nos propios artigos, á *conservación, protección, consolidación* e

posta en valor do patrimonio arqueolóxico e do seu contorno inmediato. Por elo será necesario redactar unha ordenanza específica do patrimonio arqueolóxico situado en esta clase de solo que permita unha xestión axeitada do mesmo có obxecto de primar a súa protección, conservación e posta en valor sobre as materializacións urbanísticas previstas nas ordenanzas correspondentes.

b. En relación cos usos. Nos bens incluídos no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural tan só se permitirán obras tendentes a súa conservación e posta en valor, e o seu uso quedará subordinado a que non se poñan en perigo os valores que aconsellen a súa conservación e calquera intervención que se pretenda realizar deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura e Deporte (art.33, 37, 43, 44, 52 e 54 da lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia).

As obras autorizables, segundo a clasificación do solo, nos contornos ou área de protección dos integrantes do Inventario quedarán cauteladas polo informe previo do organismo competente da Consellería de Cultura e Deporte, informe que terá carácter vinculante respecto ós usos e, no seu caso, ás condicións físicas (estéticas e volumétricas) que sexan requiridas ás construcións e usos para garantir á harmonización coas características ou valores dos bens a protexer.

Neste contexto, de usos e condicións de edificabilidade, o documento contempla, nas diversas ordenanzas do PXOM, usos que non son compatibles, incluso conceptualmente, có disposto na normativa patrimonial de aplicación. Como exemplos, que precisan da súa modificación, debemos sinalar as seguintes:

- Nas ordenanzas que regulan os solos urbanos, urbanizables e de núcleo rural permítese usos incompatibles coa *conservación, protección, consolidación e posta en valor* do patrimonio arqueolóxico establecido nos parágrafos dedicados ós usos nas áreas de protección integral definidas nas ordenanzas específicas de protección (9.2 e 10.1). Por isto en todas ás ordenanzas do PXOM que regulen ámbitos con espazos suxeitos a protección arqueolóxica así como nas normas xerais de protección do patrimonio arqueolóxico será necesario incorporar un artigo no sentido de que nos ámbitos de protección arqueolóxica se poderá permitir o uso e aproveitamento do subsolo unicamente no caso de que se constate, a través dunha actuación arqueolóxica debidamente autorizada, a inexistencia de restos arqueolóxicos, ou ben si se puidese autorizar a súa escavación, tendo en conta que primará, en todo caso, a conservación física do patrimonio arqueolóxico, polo que se potenciarán as solucións técnicas de cimentación que afecten o menos posible ós restos arqueolóxicos. Así mesmo nas áreas de cautela destes elementos deberá terse en conta que os usos non incidan negativamente na conservación ou visualización do ben.
- Deberá modificarse a redacción proposta para o artigo 9.2, condicións para a Área de Protección Integral dos Bens de Interese Cultural, considerando que calquera intervención que se pretenda realizar deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura e Deporte.
- No parágrafo 3 do artigo 9.2 se sinala que en solos de desenvolvemento poderanse permitir axardinamentos sempre que non couten ou danen o ben catalogado. Nas ordenanzas relativas á Sistemas de Espazos Libres e Zonas Verdes (Capítulo 7.3), se establecen ás condicións e características que deberán ter estes espazos, permitindo incluso a execución de aparcamentos e instalacións. Hai que recordar que as actuacións nos xacementos arqueolóxicos, suxeitas á protección integral, atópanse reguladas e definidas na lexislación vixente en materia de arqueoloxía, non existindo ningunha dedicada a '*axardinamentos*' ou '*aparcamentos*', en todo caso serán labores de protección, consolidación e restauración arqueolóxica, entendidos como as intervencións en xacementos arqueolóxicos encamiñadas a favorecer a súa conservación e que, en consecuencia, permitan o seu gozo e faciliten o seu acrecentamento, segundo sinala o artigo 57 da lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Deberá modificarse a Sección 3ª aparcamentos públicos, que establece este uso nos espazos públicos, incluso nos suxeitos a protección integral.

c. En relación á tramitación. Na tramitación xeral fixada no artigo 7 do Título II, se establece que

calquera tipo de planeamento de desenvolvemento, solicitude de licenza o actuación que implique movemento de terras nas zonas de cautela deberán ser remitidos a esta Consellería acompañadas dun informe urbanístico, cunha valoración sobre a viabilidade das solicitudes e condicións das mesmas, e un proxecto de actuación arqueolóxica, xa tipificado nas "*ordenanzas específicas*", cara a informar o proxecto de obras e autorizar no seu caso o proxecto arqueolóxico. Cara a evitar contradicións, o sinalado na última frase do punto 7.3, debe indicarse coma unha previsión e sen prexuízo que a Consellería de Cultura e Deporte á vista da solicitude e da documentación existente poderá informar e definir outro tipo de cautela arqueolóxica da xa establecida nas ordenanzas específicas.

Neste punto é necesario recordar que nos ámbitos de solo urbano consolidado onde existen xacementos arqueolóxicos, coma o da Rúa Pontevedra-Arenal (GA36057083), sería conveniente redactar unha ordenanza específica de protección onde, de xeito previo á presentación de calquera proxecto de obra que se pretenda executar, se levara a cabo unha actuación arqueolóxica de carácter previo que permitise avaliar a fertilidade arqueolóxica do soar ou espazo público, e avaliase o tipo de uso que podería materializarse tendo en conta a necesidade de primar á protección e conservación do patrimonio arqueolóxico.

Asemade, no contexto das tramitacións, ó artigo 8 do Título II, sinala que ó arqueólogo/a municipal poderá informar sobre a posibilidade de modificar ó tipo de actuación arqueolóxica establecida nas ordenanzas específicas, excepto no ámbito I-1. Circunstancia viable sempre que a modificación sexa previamente autorizada pola Consellería de Cultura e Deporte e tendo en conta que as actuacións arqueolóxicas do técnico municipal tamén requiren da autorización do órgano competente da Consellería de Cultura e Deporte.

d. En relación ás denominadas "*ordenanzas específicas*". Nas ordenanzas específicas de protección do patrimonio arqueolóxico, Sección 2º, se especifican os graos de protección: Grao I, Grao II e Grao III. Nos dous primeiros distingue dous ámbitos de protección, a área de protección integral, coa regulación especial en solo rústico que se regula no Capítulo 12.8; en solo urbano consolidado e núcleo rural coas características propias das ordenanzas correspondentes, e en solos pendentes de desenvolvemento urbanístico estas áreas se incorporan no sistema local ou xeral de espazos libres, e as áreas de respecto, onde distingue o contorno de BIC (I-2) e área de respecto (II-2), establecendo un Grao III para ámbitos de referencias e indicios.

Nos ámbitos suxeitos á protección integral no Grao I deberá manterse unicamente ó parágrafo primeiro do punto 3 do artigo 9.2, así como deberá eliminarse o punto 5 do artigo 9.2, dado que ás actuacións nos BICs deben ser autorizadas polo organismo competente e de forma xeral non se poden permitir actuacións edificatorias que poñan en perigo os valores do Ben, salvo as encamiñadas a súa protección, conservación e posta en valor. Estas áreas se rexeran pola lexislación específica do patrimonio cultural, tendo en conta que a súa declaración afecta tanto o solo coma o subsolo (artigo 8, apartado 5, da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia).

En relación ó Grao II-1, Protección Integral, non é correcto nin coherente, dende o punto de vista da protección do patrimonio arqueolóxico, permitir usos constructivos, e polo tanto que impliquen un alto risco de alteración do xacemento en ámbitos definidos coma de protección integral. Por elo retomamos o sinalado arriba no sentido de redactar unha ordenanza específica do patrimonio arqueolóxico situado en esta clase de solo que permita unha xestión axeitada do mesmo có obxecto de primar a súa protección, conservación e posta en valor sobre as materializacións urbanísticas previstas nas ordenanzas correspondentes.

En relación ó ámbito definido coma de Contorno de BIC (I-2) e de Respecto (II-2) este deberá grafarse en todos os planos de ordenación, incluso nos ámbitos urbanos, de núcleo rural e urbanizables.

Ademais dos bens incluídos no Catálogo coma xacementos arqueolóxicos, é conveniente indicar que calquera ben do patrimonio histórico ou etnográfico incluído neste Catálogo susceptible de ser estudado con método arqueolóxico forma parte deste patrimonio arqueolóxico; polo que na realización de obras nestes elementos do patrimonio cultural e no seu contorno poderá ser necesaria a realización dunha actuación arqueolóxica previa ou simultánea as obras que garanta a protección e conservación de posibles restos arqueolóxicos. Por elo na normativa deberá constar ós elementos do Catálogo do PXOM ós que se lle aplica esta cautela.

II.- O Catálogo.- O Catálogo do patrimonio arqueolóxico se recolle no TOMO VI Catálogo de edificios, bens e elementos protexidos. Fichas de Catálogo (Volume II), e nel figuran fichas individualizadas dos elementos do patrimonio arqueolóxico (GA36057001 a 155, e ACH1 a 32), ademais figuran seis xacementos correspondentes ó Concello de Mos, por estar afectado parte do seu contorno de protección dentro dos límites do concello de Vigo, aínda que non se inclúe ficha dos mesmos.

Hai que sinalar que no Inventario de xacementos arqueolóxicos que obra nesta Dirección Xeral figuran o Petroglifo da Valgada da Fonte do Sapo (GA36057156) e o Petroglifo de Peneites (GA36057157), ambos na parroquia de San Salvador de Coruxo, que deberán incorporarse ó documento.

Asemade deberán ser incluídos os xacementos limítrofes pertencentes os concellos de Redondela, Nigrán e Mos sinalados no informe desta Consellería remitido con anterioridade, e onde se ve afectado ó seu ámbito de protección.

Nas Fichas se relacionan unha serie de datos relativos ó xacemento, entre eles a ordenanza de aplicación, que deberá axustarse ás modificacións que se sinalan neste informe; por exemplo non pode figurar como ordenanza de aplicación sobre a área de protección integral dun xacemento á correspondente á categoría de Protección Forestal (valga de exemplo ás fichas 93, 94 e 95).

Asemade nas fichas figuran as delimitacións propostas, tanto a da área de protección integral como á de respecto. A grafía das mesmas non se corresponde coa dos planos de ordenación, circunstancia que deberá corrixiarse có obxecto de evitar confusións. Asemade deberá grafarse o grado de protección de cada ámbito.

En relación ás áreas de protección é necesario sinalar que en moitos dos xacementos estes ámbitos non semellan axeitados de cara á protección dos mesmos, tanto no que respecta a Área de Protección Integral coma á Área de Respecto. De feito en moitos xacementos a área de respecto semella máis unha liña testimonial que unha realidade pensada e avaliada dende una perspectiva arqueolóxica e patrimonial.

Neste punto é necesario recordar que para a definición do contorno de respecto dos bens de patrimonio arqueolóxico, se deberá ter en conta para o seu estudo e documentación, unha franxa cunha profundidade e medida dende o vestixio máis exterior do ben que se protexe de 200 metros, que os traballos de delimitación específica permitirán adaptar segundo ás características arqueolóxicas, patrimoniais e urbanísticas do elemento e do seu contorno. Asemade, semella que non se tivo en conta, sobre todo no que respecta ó ámbito de cautela, ás delimitacións realizadas no ano 1994 polos arqueólogos D. Javier Luaces Anca e Da. Cristina Toscano Novella froito do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura e ó Concello de Vigo có obxecto de completar ó Inventario de xacementos arqueolóxicos dese Concello para a súa inclusión no planeamento urbanístico.

Coma exemplos, entre moitos, nos que é necesario unha revisión e ampliación das áreas de cautela podemos sinalar os seguintes:

»En xacementos coma o da Rúa Pontevedra-Arenal (GA36057083) deberíase ter en conta os resultados das últimas actuacións arqueolóxicas, que podería motivar a ampliación das áreas de protección do xacemento.

»O Castro das Hortas (GA36057080), deberá delimitarse de xeito axeitado a área de protección integral, dado que, sobre todo ó Oeste, semella escasa e non abrangue todo o xacemento.

»Monte do Castro (GA36057067), a área de respecto semella excesivamente escasa, a penas 25 m, na zona SSE.

»Castro de Estea (GA36057042), a área de respecto é moi escasa na zona SO.

»Achado de Bouzas (ACH-5,C.005), deberá terse en conta ós resultados das actuacións arqueolóxicas realizadas e considerar ó ámbito coma xacemento, polo que deberá ampliarse a área de protección cara o S.

III.- Os Planos.- No mesmo documento de Normativa se incumpre o parágrafo terceiro do artigo 2 do citado Título II do Catálogo onde se sinala que a delimitación concreta de cada unha das áreas de protección figura nos planos de ordenación do PXOM. Os planos de ordenación non reflexa todas ás áreas de cautela polo que deberán incorporarse en toda a planimetría urbanística.

Nos planos de ordenación a escala 1/5.000 non se identifican os bens arqueolóxicos incluídos no Catálogo, e nos planos de ordenación a escala 1/2.000 figuran practicamente a totalidade dos elementos do patrimonio arqueolóxico, excepto o ACH20 así coma os xacementos das illas Cíes e o resto dos elementos indicados no presente informe. Polo que deberán corrixiarse as deficiencias e incorporarse todo o sinalado ó conxunto de planos do PXOM.

Con carácter xeral nestes planos aparecen os xacementos arqueolóxicos cunha área de protección integral, delimitados cunha grafía de liña continua de puntos acompañado co código GA do xacemento, e a súa área de respecto cunha liña de guións e puntos que se sobrepón o solo rústico. No resto de solos non aparece grafada a Área de Respecto. Asemade en ningunha planimetría se sinala ó grao de protección. Por elo será necesario que se incorporen todos ós elementos do Catálogo ós planos, que se grafen todas ás áreas de cautela sobre todo tipo de solos, e que se sinalen o grao de protección de cada unha das áreas.

De feito, como sucede con relación á necrópole megalítica da Madroa protexida en grao III, pode confundirse coma área de respecto II-2 e incluso I-2.

Nos xacementos localizados en solo rústico esta área integral se corresponde a Solo Rústico de Protección Especial Arqueolóxica. Neste sentido hai que dicir que a totalidade dos bens do patrimonio arqueolóxico que se localicen en Solo Rústico, e que non estean destruídos ou desaparecidos, a área de protección integral debería de corresponderse con esta categoría de solo.

IV.- Problemática concreta dalgúns xacementos arqueolóxicos.- A modo de exemplo podemos sinalar o tratamento que o Plan establece para una serie de xacementos, entre outros moitos do Catálogo, que é necesario modificar:

- GA36057002: A ampliación da rúa prevista no PXOM (plano 3-0) destruíría o Ben de Interese Cultural, polo que haberá de ser modificada a aliñación do vial ou buscar outra solución.
- GA36057004: O ámbito do xacemento deberá clasificarse coma Solo Rústico de Protección Especial Arqueolóxica, asemade deberá suprimirse a ampliación da vía previsto, xa modificado con anterioridade a instancias da Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura

e Deporte.

- GA36057025: Haberá que clasificarse a superficie que ocupa ó castro coma Solo Rústico de Protección Especial Arqueolóxica e modificarse o trazado do vía que prevé o PXOM (plano 11-S), porque atravesaría pola metade do xacemento.
- GA3657149: É incompatible coa protección do xacemento o trazado dunha vía pola ladeira oeste do Monte da Mina porque afectaría ao xacemento (castro e xacemento romano) alí existente, polo que deberá modificarse o trazado para que resulte compatible coa protección do ben.

This document was created with Win2PDF available at <http://www.win2pdf.com>.
The unregistered version of Win2PDF is for evaluation or non-commercial use only.
This page will not be added after purchasing Win2PDF.